

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 19/07/2024**

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Javier Tourís Romero
SUPLENTE	D. Jorge Cubela López
VOGAIS:	D ^a . Luisa María Sánchez Méndez
	D. Rafael Domínguez Artime
	D ^a . Belén Cachafeiro Anta
	D. Jesús Vázquez Almuíña
	D ^a . María Pilar Ramallo Vázquez
	D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
	D ^a . María Nava Castro Domínguez
	D. Javier Iglesias Mougán, en substitución de D ^a . Ana Laura Iglesias González
	D. Carlos Gómez Prado
	D. Paco Ferreira González
	D. Gregorio Luis Agís Gómez
	D ^a . Nuria Rodríguez Rodríguez
	D ^a . Digna Rosa Rivas Gómez, en substitución de D. Gorka Gómez Díaz
	D ^a . Beatriz Lomba Rodríguez
	D ^a . María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as doce horas e vinte e cinco minutos do día dezanove de xullo do ano dous mil vinte e catro, reúnense no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretario o técnico de administración xeral do Servizo de Cooperación, D. Marcos Areán González.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (expte. 2024043654)

Apróbase a acta da sesión anterior correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte e un de xuño do ano dous mil vinte e catro co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2.- DITAMINAR A MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO DO “DEZA, TABELRÓS, TERRA DE MONTES: OS CAMIÑOS POR DENTRO” NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (EXPTE.: 2021045415)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a ditame da Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación, a proposta de ditame de modificación do prazo de execución do Plan de Sostibilidade Turística en Destino do “Deza, Tabeirós, Terra de Montes: os camiños por dentro” no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, co seguinte teor literal:

“MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO DO “DEZA, TABELRÓS, TERRA DE MONTES: OS CAMIÑOS POR DENTRO” NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Visto o informe de 16 de xuño de 2022 da Xefa do Servizo de Turismo, conformada pola Deputada delegada de Turismo, sobre a aceptación da subvención e xeración do crédito necesario para a execución do “PROXECTO 92210004 – DEZA TABELRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO” P PANCA V_COMPOÑENTE 14) NEXT GENERATION UE, MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO Y TURISMO”, e con (CSV):YZVJY1CPICBQRE00

Resultando que consta no expediente dilixencia do servizo Intervención de data 16 de xullo de 2024 no que sinala sinalar que a ampliación de prazo que se recolle no Real Decreto 1073/2021, de 7 de decembro, polo que se regula a concesión directa de subvenciones



destinadas a financiación do Plan Nacional de Sostenibilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia ata o 31/10/2025, non implica ningunha modificación económica-orzamentaria, non está suxeito a fiscalización previa, tal como o recolle o artigo 8.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

Considerando que, en cumprimento do disposto no artigo 123 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), o asunto deberá ser sometido a ditame da comisión informativa previamente á adopción do acordo polo Pleno da corporación.

Por todo o anterior,

PROPONSE Á COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO

Ditaminar o expediente e, en consecuencia, elevar ao órgano competente, a modificación acordo do pleno aprobado en xuño de 2022 en canto a prazo de execución do PSTD tendo en conta que en dito acordo se prevía para a súa execución o mes de decembro de 2024, e pode estenderse ata o 31 de outubro de 2025.

En Pontevedra, na data da sinatura dixital.

*Ruth González Reyes
Xefa do Servizo de Turismo”*

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente ditamina favorablemente por unanimidade a proposta referida “ut supra”.

3.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS, DIRIXIDAS A COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2024 (EXPTE.: 2024002958)



De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe sobre a aprobación das Bases reguladoras de subvencións dirixidas a cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra para investimentos durante o exercicio 2024, co seguinte teor literal:

“DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS, DIRIXIDAS A COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2024

A Deputación de Pontevedra é consciente da importancia do movemento cooperativista e do asociacionismo para o desenvolvemento do sector agrogandeiro provincial.

En esta liña de actuación subvencionaranse ás cooperativas agrogandeiras, as inversións realizadas na mellora dos servizos prestados a os seus socios como construcións, equipamentos, maquinaria, adquisición de terras, instalacións, melloras en edificios, estudos técnicos, mobiliario, etc, ou calquera outra inversión que sirva para dito fin nas cooperativas agrogandeiras da provincia.

Porén, os obxectivos principais da convocatoria céntranse en favorecer o mantemento e a recuperación demográfica do medio rural, o impulso do medio rural para a posta en valor dos seus recursos, fomentar o desenvolvemento dun sector estratéxico como o agrícola e gandeiro e por último potenciar o desenvolvemento das infraestruturas económicas e o emprego na provincia.

A cuantía total das axudas é de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00) €, con cargo a aplicación orzamentaria 24/410.4120.789.00 do vixente orzamento provincial, sendo a porcentaxe máxima da subvención o 65% do total do investimento.

O prazo para a solicitude das mesmas finaliza o 29 de xullo de 2024.

Documento asinado dixitalmente

A xefa do Servizo de Medio Ambiente

Concepción López Paz”



A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada da aprobación das bases referidas “ut supra”.

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e trinta minutos, do que, como secretario, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O secretario da Comisión,

(documento asinado electronicamente)

Marcos Areán González

